

# ELECCIÓN ABRIL 2019

## - OFICINA DO CENSO ELECTORAL -

### SOLICITUDE DE VOTO POR CORREO – FOLLA AUXILIAR

O impreso que se acompaña a esta folla auxiliar é o modelo de solicitude que cada elector/a cubrirá para solicitar, da delegación provincial da Oficina do Censo Electoral que corresponda, o certificado de inscrición no censo electoral e poñer en marcha o procedemento para poder emitir o seu voto por correo nas eleccións que terán lugar o próximo día **28 de abril**.

#### QUEN PODE VOTAR POR CORREO?

Poden votar por correo os electores e electoras que prevexan que na data de votación non estarán na localidade onde lles corresponda exercer o seu dereito ao voto.

Os electores e electoras residentes no estranxeiro que se encontren temporalmente en España, poden solicitar o envío da documentación para o voto por correo a un domicilio en España, para o cal cubrirán a solicitude de voto por correo anotando un “x” no apartado “Residente no estranxeiro”.

Tamén poden votar por correo os electores e electoras que, por enfermidade ou incapacidade física, non se poden presentar no lugar da votación.

**Unha vez feita a solicitude do voto por correo, de resultar aceptada, non poderá votar persoalmente.**

#### PROCEDEMENTO PARA VOTAR POR CORREO:

##### A. SOLICITUDE

A solicitude formularana persoalmente os interesados e interesadas.

A solicitude e o sobre de remisión dirixiranse á provincia onde figura inscrito ou inscrita no censo electoral.

En caso de enfermidade ou incapacidade (existencia que se acreditará por medio dunha certificación médica oficial) a solicitude pode efectuarse no nome do elector ou da electora por persoa autorizada notarial ou consularmente, mediante documento que se estenderá individualmente en relación con cada elector ou electora e sen que nel se inclúa a varios electores ou electoras, nin unha mesma persoa representar a máis dun elector ou electora (estes documentos serán estendidos de forma **gratuíta**). Nestes casos a solicitude asinarana o/a representante.

**A certificación médica e a autorización incluíranse no sobre de remisión xunto coa solicitude.**

##### B. LUGAR DE PRESENTACIÓN

A solicitude cuberta e asinada, presentarase en calquera **oficina de Correos de España**. O empregado ou empregada a cargo de recibila pediralle á persoa interesada a exhibición do seu documento de identidade e comprobará a coincidencia da sinatura. En ningún caso se admitirá fotocopia deste documento.

Non será válido o envío por correo ordinario.

##### C. PRAZO PARA SOLICITAR O VOTO POR CORREO

Pódese solicitar a partir da data da convocatoria e ata o décimo día anterior ao da votación (**18 de abril**).

Non obstante, se Vde. pensa exercer o dereito ao voto por correo, non espere á última hora. **Formule a súa solicitude o antes posible.**

##### D. ENVÍO DA DOCUMENTACIÓN PARA O VOTO POR CORREO

A delegación provincial da Oficina do Censo Electoral correspondente realizará os envíos da documentación necesaria para o voto por correo a partir do día 8 de abril. O envío farase ao domicilio indicado por Vde. na súa solicitude e ao seu nome.

A xustificación de recepción que acredita que recibiu a citada documentación a asinará o interesado ou interesada logo da acreditación da súa identidade

##### E. PRAZO PARA REMITIR O VOTO POR CORREO

**O voto débese remitir por correo certificado non máis tarde do día 24 de abril.**